

## FERROL

### «A acústica será incluso mellor que a de antes»

- Autor del comentario: R. Loureiro  
Localidad: ferrol



IRENE MOLINA

? arquitecto que dirixe a rehabilitación do Jofre, Rafael Baltar -un dos máis prestixiosos especialistas do país en materia de recuperación de edificios históricos-, afirma que a intervención no teatro ten que ter en conta o carácter orixinal do edificio, pero sen esquecer que as obras que permiten devolverlle o esplendor perdido se están a facer no século XXI.

-Recorrendo o interior do edificio, dá a impresión de que, máis que renacer o Jofre, o que aquí nace é un teatro novo...

-Non, non é así. O Jofre, mantendo o seu espírito de vello *teatro á italiana*, vai seguir sendo, ou será de novo, un dos mellores teatros de Galicia. Tamén en canto a prestacións. Iso require dotalo de servicios que non tiña. E non esquecer en qué tempo estamos.

-¿Manterá a súa acústica?

-A súa acústica será incluso mellor que a de antes. Para iso contamos co asesoramento dun dos maiores expertos na materia, Higinio Arau.

-¿Que criterios seguiu para deseñar a nova construción, a que albergará os camerinos...?

-O criterio de non facer o que xa estaba feito. O que non quere dicir que non mantivésemos as proporcións, o diálogo con todo o edificio.

LA VOZ DE GALICIA,S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad